ANUNCIO, do 31 de marzo de 2026, polo que se comunica a apertura do prazo para adxudicación directa de parcelas en réxime de venda e/ou constitución de dereito de superficie das parcelas resultantes do proxecto de parcelamento da Área Loxística Empresarial de Salvaterra de Miño – As Neves. Expediente: PLISAN 2025/Compravenda (5) – LE

Antecedentes

1.- Mediante Resolución do 7 de novembro de 2025 da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, anúnciase a poxa pública a alza para a venda e/ou constitución do dereito de superficie en parcelas resultantes do proxecto de parcelación da Área Loxística Empresarial de Salvaterra de Miño – As Neves (en diante, PLISAN), publicado no Diario Oficial de Galicia do 13.11.2025.

2.- De acordo co prego polo que se regulan as condicións que rexen a poxa á alza para a venda e/ou constitución do dereito de superficie no expediente PLISAN 2025/Compravenda (5)-LE, procede á adxudicación directa de parcelas de conformidade co previsto no artigo 137.4.d) da LPAP, así poderase acordar a adxudicación directa cando fóra declarada deserta a poxa, ou resultase errada como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano dende a súa adxudicación. O prazo para solicitar a adquisición empezará a contar dende a data da adxudicación da poxa ata o día anterior a que se anuncie no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de nova poxa.

3.- Durante o prazo previsto no procedemento de referencia presentouse unha oferta. Constituída a mesa de licitación e abertos os sobres A e B da oferta presentada, en sendas reunións, procédese por acordo unánime da mesa a elevar ao Consello de Administración de Xestión do Solo de Galicia – Xestur SA a proposta de adxudicación en dereito de superficie da parcela LE 7.1 ao licitados Marmolería Caybe SL. Así mesmo, a mesa recolleu que consonte o disposto no prego que rexe o procedemento, unha vez resolta a adxudicación da parcela solicitada, todas aquelas que queden libres poderán ser obxecto de adxudicación directa.

4.- O Consello de Administración de Xestur SA, na súa reunión do 26.03.2026, acordou a aprobación da adxudicación en dereito de superficie da parcela LE 7.1 ao licitador “Marmolería Caybe SL” e autorizou o inicio do procedemento de adxudicación directa das parcelas libres consonte ao prego de bases que rexeu o procedemento.

Visto canto antecede, Resólvese:

Comeza o prazo para solicitar a adxudicación directa das parcelas que quedaron desertas no procedemento de poxa á alza para a venda e/ou constitución do dereito de superficie no expediente PLISAN 2025/Compravenda (5)-LE, de acordo co establecido no apartado VII.K Adxudicación directa do prego que rexe a convocatoria e as seguintes cláusulas:

1. Obxecto

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cjl8q0u5MPX8 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
Edificios administrativos de San Caetano, s/n - Bloque 5, 4º
15781 Santiago de Compostela
dxindustriaesolo.cei@xunta.gal · 981 54 68 35

Procedemento para a adxudicación directa en réxime de compravenda e/ou constitución de dereito de superficie das parcelas que quedaron desertas no procedemento de poxa pública á alza Expediente: PLISAN 2025/Compravenda (5) – LE.

2. Entidade adxudicadora

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

3. Prezo das parcelas

As condicións económicas non poderán ser inferiores ás da poxa deserta. Xúntase a este anuncio o Anexo I do prego que rexe o procedemento actualizado con todas as parcelas dispoñibles para adxudicación directa.

4. Garantías

Para participar na adxudicación directa requiririase constituír previamente unha garantía do 5 % do prezo base de licitación da/das parcela/s sobre a/as cal/es se realice a solicitude de adxudicación directa.

5. Requisitos específicos das persoas participantes

Poderá participar no procedemento calquera persoa, física ou xurídica, española ou estranxeira, que teña plena capacidade de obrar, de acordo co previsto no Código civil. Non poderán ser adquirentes as persoas que solicitasen ou estean declaradas en concurso, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas á intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme o Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal.

6. Obtención de documentación

O prego de condicións polo que se rexeu o procedemento, os seus anexos, a documentación relativa ás ordenanzas do proxecto sectorial en que se sitúan as parcelas que se ofertaron, así como os datos relativos ás súas subministracións, continúan a disposición na páxina web de Xestur (www.xesturgalicia.com).

7. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

A solicitude de adxudicación directa poderase presentar en calquera dos rexistros públicos conforme o artigo 16 da Lei 39/2015, dirixidas á Xerencia de Xestión do Solo de Galicia a través do procedemento normalizado con código de procedemento PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A, sempre que vaia acompañada do xustificante de constitución da garantía. No suposto de que unha vez presentada a solicitude se lle requira por parte de Xestur S.A. algunha corrección, emenda ou complemento da documentación presentada, entenderase como data de presentación da solicitude aquela en que foi emendada a documentación.

DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
Edificios administrativos de San Caetano, s/n - Bloque 5, 4º
15781 Santiago de Compostela
dxindustriaesolo.cei@xunta.gal · 981 54 68 35

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cjl8q0u5MPX8 https://sede.xunta.gal/cve

Na páxina web de Xestur S.A. publicaranse as novas actualizacións de parcelas dispoñibles para a súa adxudicación directa, unha vez que se vaian formalizando as sucesivas solicitudes recibidas.

O prazo para solicitar a adquisición empezará a contar dende a data da adxudicación da poxa ata o día anterior a que se anuncie no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de nova poxa. De non convocarse novas poxas, dito prazo prolongarase ata un ano despois da adxudicación da última poxa deserta.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
Margarita Ardao Rodríguez

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cjl8q0u5MPX8 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
Edificios administrativos de San Caetano, s/n - Bloque 5, 4º
15781 Santiago de Compostela
dxindustriaesolo.cei@xunta.gal · 981 54 68 35

ANEXO I LISTADO DE PARCELAS

PLISAN 2025/COMPRAVENDA (5) -LE

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M²)	PREZO TOTAL (€), IVA EXCLUIDO
LE-3.1	4.537,15	388.198,57
LE-3.2	6.181,14	528.858,36
LE-3.3	7.455,96	593.494,41
LE-3.4	7.594,58	604.528,57
LE-3.5	3.877,85	308.676,84
LE-3.6	8.743,50	695.982,58
LE-3.7	3.084,82	245.551,68
LE-4.1	3.325,44	284.524,50
LE-7.2	5.696,06	487.354,93
LE-7.3	6.463,85	553.047,02
LE-7.4	3.339,32	285.712,25
LE-7.5	3.425,39	293.076,39
LE-7.6	3.349,52	286.584,92
LE-7.7	3.374,01	288.680,31
LE-7.8	6.417,55	549.085,61
LE-7.9	5.718,18	489.247,50
LE-7.10	1.929,75	153.608,08
LE-7.11	3.362,66	287.709,18
LE-7.12	3.386,16	289.719,88
LE-8.1	3.022,37	240.580,64
LE-8.2	3.625,92	310.233,71
LE-8.4	1.786,01	142.166,41
LE-9.1	2.816,37	240.968,58
LE-9.2	2.823,48	241.576,96
LE-9.3	2.914,86	249.395,43
LE-9.4	3.183,93	272.417,03
LE-9.5	3.189,38	253.874,65
LE-9.6	2.173,78	173.032,94
LE-9.7	2.985,68	255.454,79
LE-9.8	2.824,52	241.665,91
LE-10.1	5.300,04	421.883,20
LE-11.1	4.805,41	382.510,62

DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
Edificios administrativos de San Caetano, s/n - Bloque 5, 4º
15781 Santiago de Compostela
dxindustriaesolo.cei@xunta.gal · 981 54 68 35

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cjl8q0u5MPX8 https://sede.xunta.gal/cve

USO, EDIFICABILIDADE, CARGAS E/OU GRAVAMES DE TODAS AS PARCELAS:

- Uso: industrial/comercial.
- O coeficiente de edificabilidade: 0,7.
- Cargas/gravames: con "dereito de reversión" dos propietarios afectados en expediente administrativo de expropiación
- Servidumes: as parcelas LE-3.3, LE-3.4, LE-3.5, LE-3.6, LE-3.7, LE 7.10, LE-8.1, LE-8.4, LE-9.5, LE-9.6, LE-10.1 e LE-11.1 están gravadas coas servidumes recollidas no proxecto de parcelación e inscritas no Rexistro da Propiedade.



DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
Edificios administrativos de San Caetano, s/n - Bloque 5, 4º
15781 Santiago de Compostela
dxindustriaesolo.cei@xunta.gal · 981 54 68 35

Asinado por: ARDAO RODRIGUEZ, MARGARITA
Cargo: Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
Data e hora: 31/03/2026 15:13:25

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cjl8q0u5MPX8 https://sede.xunta.gal/cve